
NUMAX PRESENTA:

72 | DICEMBRE 2023

↑ Fallen Leaves (Aki Kaurismäki) ESTRETA 27 DE DICEMBRE





Agasallos para este Nadal

Aquí vos vai unha selección de ideas para agasallar este Nadal! Nela poderedes atopar algunha das últimas novidades de 2023 e outros libros que nos gustaron.



Monica
Daniel Clowes
FULGENCIO PIMENTEL
29,00 €




Historia social del jazz primitivo (volumes I e II)
Rag Cutter
CORAZONES BLINDADOS
50,00€



Fanzines en Galiza
Ramón Mariño
LAIOVENTO
11,95€



Federico o meu amigo
Jesús Castro Yáñez
Triquetra
16.50 €



Saul Leiter. 100 años.
RM Verlag
65,00 €



El cuerpo de Cristo
Bea Lema
ASTIBERRI
21,00 €



Buen Pop, Mal Pop
Jarvis Cocker
Blackie Books
29,90 €



Galiza e o decolonialismo
VVAA
FUNDACIÓN LUÍS SEOANE
15,00 €



A botella de lentellas
Leticia Barbadillo
XERAI S
12,95 €




Epistolario
Franceso Petrarca
Acantilado
148,00 €


VENRES 1 ÁS 20H00
Presentación da baralla **O ghaiteiro petroleiro** co investigador e docente **Germán Labrador**, **Daniel López Abel** (presidente da asociación Unha Gran Burla Negra), as ilustradoras **Sandra Lodi**, **Lúa Gándara** e **Tristán Ron** e **X. Carlos Hidalgo** (deseñador e socio traballador de NUMAX).



Nada es verdad
Veronica Raimo
LIBROS DEL ASTEROIDE
18,95 €



La Conejera
Tess Gunty
SEXTO PISO
24,00 €



Zeca Afonso. Balada do desterro
Teresa Moure
ACENTRAL FOLQUE
30,00 €



Superemocional
Juanpe Sánchez López
Continta me tienes
16,95 €



Nocturno de verán e outros poemas
Francisco Cortegoso
CHAN DA PÓLVORA
17,00€




A visita
Núria Figueras e Anna Font
Kalandraka
15 €



Diario de dúas casas
María Villamarín
EUSEINO?
18,00 €



La venganza de los dinosaurios
Deborah Eisenberg
CHAI EDITORA
21,00€



Escribe si vendrás
Wisława Szymborska e Kornel Filipowicz
LAS AFUERAS
29,95 €



Maricas malas
Christo Casas
PAIDÓS
18,90 €



A cousa eterna
Celso Fernández Sanmartín
APIARIO
17,00 €



Orixe ou cando a marea baixa
Ana Paes
Fabulatorio
25,00 €

JON JOST
Vivindo e aprendendo, unha vida no cinema



A cor das palabras 2023
—
Encontros con cineastas

Domingo 3 de decembro ás 11:30
—
Cinema NUMAX

Entrada gratuita até completar aforo.
reservas en acordaspalabras@santiagodecompostela.gal



Cinema



**Filme
do mes:**

ANATOMÍA DUNHA CAÍDA ESTREA 6 DEC

Justine Triet, 150', FR-ING, VOSG, +12

Con Sandra Hüller, Samuel Theis

Sandra, unha escritora alemá, vive co seu marido Samuel e o seu fillo cego, Daniel, nun chalé no medio dos Alpes franceses. Cando Samuel falece en misteriosas circunstancias, a investigación non pode determinar se se trata dun suicidio ou dun homicidio. Sandra é arrestada e xulgada por asasinato e o proceso pon a súa tumultuosa relación e a súa ambigua personalidade no punto de

mira. Asombrosa disección do matrimonio en forma de cinema procedimental cun soberbio traballo actoral de Sandra Hüller.

🏆 Palma de Ouro Cannes 2023

i Subtitulado ao galego
co apoio da Secretaría Xeral
de Política Lingüística

Estreas



1 1 DEC | Presentación
con María Vázquez



1 2 DEC | 19:40
Coloquio co director



1 ROBOT DREAMS,
Sara Varon, NORMA, 16,95€



1 Especialmente recomendado
para o fomento da igualdade
de xénero (ICAA)

SOBRE TODO DE NOCHE ESTREA 1 DEC

Víctor Iriarte, 108', ESP, VO, +12
Con Lola Dueñas, Ana Torrent

Cando Vera era nova, non puido facerse cargo do seu fillo e tivo que dalo en adopción. Cando Cora era nova, o seu médico díxolle que non podería ter fillos e que só adoptando podería formar unha familia. Ambas comparten a experiencia de ter sido nais dun neno chamado Egoz

🏆 Premio FIPRESCI Valladolid 2023

CASA DO SILENCIO PASES ÚNICOS 1-2 DEC

Jon Jost, 80', GAL, VO
Con Quico Cadaval, Laura Ballesteros

En 2022 o realizador estadounidense Jon Jost recibe un convite do cineasta venezolano de ascendencia galega Diego Salomon para visitalo á súa casa familiar. Tras pasar tres semanas no rural galego Jost atopa unha historia derivada dos tabús familiares dunha familia galega emigrada a Venezuela.

ROBOT DREAMS ESTREA 6 DEC

Pablo Berger, 103', ESP, VO, TP

DOG é un can solitario que vive en Manhattan. Un día decide construír un robot, un amigo. A súa amizade medra, até se facer inseparables, ao ritmo do Nova York dos oitenta. Unha noite de verán, Dog con gran pena, vese obrigado a abandonar a ROBOT na praia. Volveranse atopar?

🏆 Premio do Público Sitges 2023

ALTERITATS ESTREA 15 DEC

Alba Cros / Nora Haddad, 91', CAT, VOSE, +12

Documental que recolle a voz de diferentes vivenciaslésbicas de catro xeracións residentes en Cataluña, unha xenealoxía. Un percorrido de vidas que se van entrelazando, a través das cales imos descubrindo en que consiste cohabitar nun mundo estruturalmente heterosexual e á vez formar parte do colectivo LGBTIQ+.

🏆 Sección Oficial Málaga 2023




A FOGO LENTO ESTREA 20 DEC

Tran Anh Hung, 134', FR, VOSE, +7

Con Juliette Binoche, Benoît Magimel

1885. A cociñeira sen par Eugénie traballou para o célebre gourmet Dodin durante 20 anos. Co paso do tempo, a gastronomía e a admiración mutua deron lugar a nunha relación romántica. A súa asociación deu lugar a pratos únicos, capaces de satisfacer os padais máis esixentes.

🏆 Mellor dirección Cannes 2023



SAMSARA ESTREA 20 DEC

Lois Patiño, 113', LO, VOSE, TP

Con Amid Keomany, Toumor Xiong

Samsara é o ciclo budista da morte e a reencarnación. Desde os santuarios de Laos, convivindo con monxes adolescentes, acompañaremos unha alma no seu tránsito dun corpo a outro a través do bardo. As verbas do libro tibetano dos mortos servirán de guía para non nos perder polo alén.

🏆 Premio Especial do Xurado Berlinale Encounters 2023

📄 Preestrea co director 15 DEC



FALLEN LEAVES ESTREA 27 DEC

Aki Kaurismäki, 81', FIN, VOSG, +12

Con Alma Pöysti, Jussi Vatanen

Ansa é solteira e vive en Helsinki. Traballa cun contrato de cero horas nun supermercado, abastecendo os estantes. Unha noite encóntrase accidentalmente co igualmente solitario Holappa, un traballador alcólico. Contra todo prognóstico tentan construír unha relación e el logra controlar a súa adición.

🏆 Premio do Xurado Cannes 2023

📄 Subtitulado ao galego co apoio da Secretaría Xeral de Política Lingüística

O LIBRO DAS SOLUCIÓNS

ESTREA 27 DEC

Michel Gondry, 102', FR, VOSG

Con Pierre Niney, Blanche Gardin

Marc foxe co seu equipo a unha pequena vila para rematar o seu filme coa súa tía Denise. Unha vez alí, a súa creatividade maniféstase nun millón de ideas que o sumen no caos. Marc ponse a escribir unha guía de consellos para todos os seus problemas.

🏆 Quincena dos Cineastas Cannes 2023



📄 Subtitulado ao galego co apoio da Secretaría Xeral de Política Lingüística



O HOME MOSCA

PASES ÚNICOS 26-28 DEC

S. Taylor / F. C. Newmeyer, 77', ING, VOSE, 1923

Con Harold Lloyd, Mildred Davis

A obra mestra de Harold Lloyd ten como protagonista a un mozo de campo recién chegado á cidade cuxo plan para gañar diñeiro fracasa. Para resolvelo debe escalar un edificio de 12 andares e remata pendurado das agullas dun enorme reloxo.

RETROSPECTIVA YASUJIRO OZU



HISTORIA DUN VECINDARIO

PASES ÚNICOS 12-15-16 DEC

Yasujiro Ozu, 72', XAP, VOSE, 1947

Con Chôko Iida, Hôhi Aoki

No Xapón da postguerra, un home atopa na rúa un neno perdido e lévao á súa casa, pero ninguén quere acollelo. Finalmente, faino unha viúva de agre carácter. Ao día seguinte, a muller leva o neno ao seu barrio e averigua que o pai o abandonou.



O FILLO ÚNICO

PASES ÚNICOS 19 DEC

Yasujiro Ozu, 87', XAP, VOSE, 1936

Con Chôko Iida, Shinichi Himori

Unha muller esfórzase ao máximo para que seu fillo poida recibir unha boa educación en Tokio. Algúns anos despois vaino visitar dando por suposto que terá unha boa posición. O fillo, está casado e é mestre nunha escola nocturna pero vive na pobreza.

FOCO JON JOST

ALL THE VERMEERS IN NEW YORK PASE ÚNICO 2 DEC

Jon Jost, 87', ING, VOSE, 1990

Con Emmanuelle Chaulat, Katherine Bean

O corredor financeiro Gordon achégase a Anna, unha actriz francesa, na sala de Vermeer dunha galería de Nova York.

🏆 Premio Caligari Berlinal 1991

📍 Presentación co director

COMING TO TERMS


PASE ÚNICO 5 DEC

Jon Jost, 90', ING, VOSE, 2012

Con James Benning, Ryan Harper

Nunha reunión familiar un pai, encarnado polo cineasta experimental James Benning, comunica unha importante decisión.

PETÍS NUMAX



TRES LADRÓNS E UN LEÓN

PASES ÚNICOS 6 E 8 DEC

Rasmus A. Sivertsen, 79', VE
Casper, Jasper e Jonathan son tres ladróns que viven nas aforas de Cardamomo. Non están contentos coas súas vidas, gustaríalles sentirse parte da comunidade.

🏆 Premio do Público
Mi Primer Festival 2023

OS OLLOS VERDES

RONDÒ FINAL + VECINES PASE ÚNICO 14 DEC

L'Ambulante+ Laboratorio Reversible,
51' +25', CAT, VOSE

Proxección da longa e a curta gañadoras da primeira edición de CO-Festival Cine Cooperativo organizado pola sala Zumzeig de Barcelona.

📍 Presentación e coloquio a cargo das promotoras do festival

PASES ESPECIAIS

GREMLINS

PASES ÚNICOS 23-25-27 DEC

Joe Dante, 111', ING, VOSE/VE, 1984

Con Zach Galligan, Phoebe Cates

Rand agasalla a seu fillo unha tenra criatura, un *mogwai*. Os problemas comezan cando son infrinxidas as tres regras básicas que se deben seguir para o coidar: non lle dar de comer despois de medianoite, non mollalo e evitar que lle dea o sol.

MIGRACIÓN, UNHA VIAXE PATAS ARRIBA

ESTREA 29 DEC

B. Renner / Guy-Laurent Homsy, 83', VE. +5

A familia Mallard quedou estancada. Mentres papá Mack sente que está realizado, mamá Pam ten ganas de vivir a vida e facer descubrir aos seus fillos a amplitude do mundo. Pam convence a Mack de que deben viaxar á tropical Xamaica pasando por Nova York.

LA IMATGE PERMANENT

PASE ÚNICO 18 DEC

Laura Ferrés, 94', CAT, VOSE, +7

Con María Luengo, Rosario Ortega

Nunha vila do sur, Antonia, unha nai adolescente, desaparece no medio da noite. 50 anos máis tarde e moitos kilómetros ao norte, Carmen debe atopar persoas que conten as súas lembranzas.

🏆 Espiga de Ouro SEMINCI 2023

CHICHI E MÁISEU

PASE ÚNICO 2 DEC

Nico Campos, 98', GAL, VO

Con Mariqui Campos, Mary Campos

📍 Presentación e coloquio co director






NUMAX

Concepción Arenal, 9 baixo
Santiago de Compostela
www.numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

Co patrocinio de

AAAAAA Agencia
GGGGGG Gráfica

   Síguenos en @numaxcoop
